


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2022-2023

CURSOS: 2º e 4º ESO E 2º BACHARELATO (LOMCE)

MATERIAS: 1º LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS + 2º LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS

DEPARTAMENTO DE INGLÉS
IES PINO MANSO



a) Introducción

a.1) O centro

IES Pino Manso - Código 36007011
C/ Antonio Palacios, 76
36400 – O porriño (Pontevedra)
ies.pinomanso@edu.xunta.es

O IES Pino Manso é un centro de ensino público que no curso 2022-23 conta cun total de 517 alumnas/os, distribuídos da seguinte maneira:

NIVEL	NÚMERO DE ALUMNOS/AS	GRUPOS
1º ESO	112	5
2º ESO	76	3
3º ESO	103	4
4º ESO	69	3
1º FP BÁSICA	17	1
2º FP BÁSICA	13	1
1º BACHARELATO	75	3
2º BACHARELATO	68	2

Alumnado de inglés por niveis:

Cursos	Nº de grupos
1º ESO	5
2º ESO	3
3º ESO	4
4º ESO	3
1º BAC	3
2º BAC	2
FP Básica I	1
FP Básica II	1

Os centros adscritos dos que recibe alumnado son o CEIP de Atios, o CEIP Fernández López, e o CPR Hermanos Quiroga, aínda que tamén recibe alumnado dos concellos veciños de Mos, Salceda de Caselas e Tui, entre outros.

A relación coa comunidade escolar establécese públicamente a través da páxina web do centro: www.edu.xunta.gal/centros/iespinomanso e de xeito complementario emprégase o sistema de comunicación da plataforma ABALAR.

a.2) O contexto socioeconómico

O IES Pino Manso atópase situado no espazo urbano da vila do Porriño, nunha zona industrializada que comezou a fraguarse a finais do século XIX coa apertura en 1881 da liña do ferrocarril Ourense –Vigo. A case totalidade do alumnado da ESO procede da zona urbana da vila do Porriño e das parroquias de Atios e Cans. Nos cursos de bacharelato a procedencia amplíase a parte das parroquias do termo municipal e aos concellos veciños, en especial Mos e Salceda de Caselas. O alumnado da ESO procedente das parroquias citadas emprega o transporte escolar.

A poboación do Concello do Porriño ascendía en 2021 a máis de 20.000 habitantes, aumentando dende 2014. A maioría da poboación activa traballa nos sectores secundario e terciario. A industria, beneficiada coa chegada do ferrocarril, comeza a consolidarse nas primeiras décadas do século XX, coa inauguración en 1928 do matadoiro de MARUCOGA (hoxe Frigolouro-Coren) e coa constitución en 1939 de Zeltia S.A., a primeira gran empresa química galega.

O crecemento industrial mantívose no tempo para incrementarse coa concesión na década de 1960 do “Polo de Desenvolvemento Industrial de Porriño”, que xerou o polígono das Gándaras. Tempo despois complementouse con outro gran espazo industrial: o polígono da Granxa. No ano 2012 no termo municipal estaban instaladas 38 empresas de máis de cincuenta empregados cada unha. Delas, cinco tiñan máis de 250 asalariados. Cun número de empregados que varía entre dez e cincuenta existían 161 empresas, e con menos dez un total de 1.441. De todas elas, un 70% adícanse ao sector servizos, un 16% á industria e un 14% á construción ou similares.

O Instituto Nacional de Bacharelato, así se chamaba o noso centro, inicia a súa vida en 1966 nese escenario de progresiva industrialización. O edificio levantouse por iniciativa dun grupo de entusiastas porriñeses vinculados a estas e outras empresas de José Fernández López, que apoiou economicamente a iniciativa, tanto na adquisición do terreo, como no proceso construtivo.

A maioría do alumnado da ESO procede do núcleo urbano do Porriño e das parroquias de Atios e Cans. No bacharelato a orixe é máis variada, ampliándose ás parroquias do termo municipal e concellos de Mos e Salceda de Caselas. O Concello tamén conta cun número elevado de persoas migrantes. Este dato ten especial incidencia no IES Pino Manso, cunha alta porcentaxe de alumnado de procedencia foránea: Marrocos, Venezuela, Romanía, Brasil, Arxentina, Uruguai, Ucraína, etc. Este alumnado necesita unha atención especial, sobre todo o procedente dos países do leste de Europa e Marrocos, posto que o coñecemento das linguas galega e castelá é, en moitos casos, nulo. Nalgúns casos, falan inglés como primeira lingua estranxeira, o que facilita o seu proceso de adaptación nas aulas de inglés, pero tamén hai outros casos nos que os coñecementos da lingua estranxeira son moi escasos ou nulos, polo que hai que comezar dende cero.

Nos últimos anos son evidentes os efectos da profunda crise económica, que afectou a diversas empresas, en especial ás relacionadas co granito, dada a súa relación co mundo da construción. En xullo de 2021 o 15,51% da poboación activa do Porriño estaba en desemprego.

a.3) O Departamento de Inglés

Composición do Departamento de inglés:

- Profesora de inglés con destino definitivo e Xefa do Departamento: Dna. María Dolores Fernandes del Pozo
- Profesora de inglés con destino definitivo: Dna. Natalia Lago García
- Profesora de inglés con destino definitivo: Dna. Tamara E. Veiro Alonso
- Profesora de inglés con destino definitivo: Dna. Andrea Álvarez Corral

a.3) Recursos espaciais dispoñibles no centro

- Aulas con ordenadores
- Sala de usos múltiples
- Aulas de desdobre e de referencia con encerado dixital e ordenador para o profesorado

- Aulas con medios audiovisuais
- Aula/Departamento con medios audiovisuais
- Biblioteca
- Ximnasio

Distribución dos espazos dentro da aula:

- Distribución de pupitres que permite modificación para traballar en grupos de aprendizaxe cooperativa ou por parellas. Recursos de materiais dispoñibles nos espazos comúns e no Departamento.
- Encerado tradicional e pizarra dixital
- Ordenadores / Proxector
- Material inventariado e almacenado no Departamento ou na Biblioteca: Dicionarios, libros, vídeos, películas, CDs, DVDs, revistas, cómics, xogos...

Sempre que as circunstancias o permitan, traballarase en grupo, por parellas ou individualmente segundo as esixencias das actividades e do espazo do que se dispoña.

En xeral, buscarase o **traballo compartido, grupal e cooperativo** entre os alumnos fronte ao individualismo. A disposición das mesas e cadeiras irá pois acorde con esas necesidades, destacando que, no caso dos cursos que traballarán propiamente dentro do novo enfoque da “Aprendizaxe Cooperativa” a estruturación dos espazos de xeito grupal é de carácter fundamental. O feito de que a ESO estea participando no Proxecto Edixgal condicionarán os espazos dentro da aula, así como a forma de traballar, en función das necesidades tecnolóxicas e das infraestruturas na aula.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) recolle novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, centrándose naquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo polo que respecta às competencias clave que se consideran prioritarias de cara ao desenvolvemento do alumnado. Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre sí en moitas ocasións, un proceso educativo orientado cara a acción, baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes cuxa adquisición terá que ser demostrada polo alumnado.

En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos.

As competencias clave están integradas nas diferentes materias impartidas no IES Pino Manso e todas elas, dende o seu ámbito, contribúen á súa adquisición por parte do alumnado. O perfil competencial do alumnado foi achado de acordo co peso que os obxectivos de cada materia teñen respecto das competencias clave, a través dos descritores operativos de cada etapa.

Competencias clave do currículo:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A materia de Inglés como Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira contribúe á adquisición da competencia en **comunicación lingüística (CCL)** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos a citada capacidade comunicativa do alumno. A súa aprendizaxe, baseada nas habilidades comunicativas, contribúe ao desenvolvemento de devandita competencia no mesmo sentido en que o fai as linguas maternas. A adquisición da primeira lingua estranxeira é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar, e mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas. O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

A materia de inglés contribúe de xeito esencial ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender (CAA)** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral,

conferíndolle novas potencialidades e recursos para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade dos alumnos para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Esta competencia faise enormemente rendible se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno poida identificar cómo aprende mellor e que estratexias son máis eficaces. O desenvolvemento de estratexias diversas de aprender a aprender prepara o alumnado de forma progresiva na toma de decisións que favorecen a súa autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a primeira lingua estranxeira ao longo da vida.

Esta materia é unha boa facilitadora do desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas (CSC)**. As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións pero tamén, en gran medida, son vehículo de transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese, a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Na primeira lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas, e, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos e, en definitiva, favorece aprender de e cos demais.

As tres competencias que acabamos de citar están en relación directa coa **competencia dixital (CD)**. As tecnoloxías da información e a comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que crece cada día. O coñecemento do inglés facilita o acceso á información que se pode atopar nesa lingua (á vez que ofrece a posibilidade de utilizala na comunicación persoal a través do correo electrónico ou en intercambios con mozos doutros lugares), creando contextos reais, comunicativos e funcionais de interacción oral e escrita. Así mesmo, e na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia, e este uso cotián, que no caso da ESO facemos a través dos recursos dixitais no marco do programa EDIXGAL, contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

O currículo de inglés inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais e sociais propias da lingua e dos países nos que se fala; xa que logo, contribúe a adquirir a

competencia conciencia e expresións culturais(CEC) ao propiciar a paulatina aproximación a obras, monumentos, composicións ou autores que contribuíron á creación artística e histórica. Así mesmo, contribúe ao desenvolvemento desta competencia ao facilitar a expresión das opinións, gustos e emocións que producen as manifestacións culturais e artísticas e ao favorecer traballos creativos individuais e en grupo, tales como a procura de información, análise, realización e representación de simulacións e narracións. En definitiva, vehicular a primeira lingua estranxeira ao coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas contribuirá ao desenvolvemento da citada competencia.

O coñecemento do inglés contribúe á adquisición da **competencia de iniciativa e espírito emprendedor (CIEE)** en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e a toma de decisións respecto da planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Malia que a priori poida parecer que a materia de inglés non ten capacidade de contribuír a adquirir a **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** a realidade é que a súa achega tamén existe. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos, gráficos, argumentacións e razoamentos, actividades que a miúdo están incluídas nas tarefas lingüísticas abordadas na aula. A este respecto, o uso no curso actual de metodoloxía de aprendizaxe cooperativa interdepartamental favorecerá a contribución das materias de inglés como lingua estranxeira á devandita CMCCT.

c) Concreción dos obxectivos para o curso

Os obxectivos xerais para a educación secundaria obrigatoria establecen que o currículo, no que se insertan as materias de Primeira e Segunda Lingua Estranxeira, contribuirán a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes. d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

No que respecta ao Bacharelato, éste contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde dunha perspectiva global, e adquirir unha

conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

As actividades que cada docente do Departamento de Inglés deseñe para cada nivel terán en conta os devanditos obxectivos no seu deseño e execución, coa intención de contribuír a dar resposta á diversidade do alumnado do IES Pino Manso, reflexionando e poñendo en valor a diversidade cultural (incluíndo a relativa á súa procedencia e ao ámbito familiar), a económico-social e a de xénero, ademais das necesidades educativas especiais e de apoio educativo.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable (1º. Temporalización, 2º. Grao mínimo de consecución, 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación)

Táboas de temporalización trimestral dos estándares coa relación das competencias, do grao mínimo de consecución (GMC) e da ponderación deste con respecto ao peso anual para 2ºESO.

2ºESO 1ºTRIMESTRE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Grao mínimo de consecución para cada estándar	Ponderación	Competencia clave	Instrumentos de avaliación
BLOQUE 1 CO				
PLEB1.1.	☑ GMC-PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras.	25%	CCL CAA CCEC CD	<p>Observación diaria. Caderno de aula. Lista de cotexo (V/F) de comprensión de texto Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción escrita e/ou oral demandada Rúbrica do proceso de creación da produción escrita. Rúbrica de Comprensión oral e/ou escrita. Cuestionario sobre convencións, normas e diferenzas culturais. Rúbrica de Comprensión/produción de rutinas de aula.</p>
PLEB1.2.	☑ GMC-PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos a accións habituais na súa idade e no seu contexto escolar.	25%	CCL CAA CCEC CD	
PLEB1.3.	☑ GMC-PLEB1.3. Logra comprende información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligado a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.	25%	CCL CAA CCEC CD	
BLOQUE 2 PO				
PLEB2.1.	☑ GMC-PLEB1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervéñ na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións	25%	CSC // CCL CAA CCEC	
PLEB2.2.	☑ GMC-PLEB2.2. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto pola achegas dos seus compañeiros e compañeiras.	25%	CCL CSC	
PLEB2.4.	☑ GMC-PLEB2..4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando con claridade e repetindo ou reformulando.	25%	CCL CSC CCEC CD	
PLEB2.5.	☑ GMC-PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que se establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos e transaccións cotiás, seguindo normas de cortesía.	25%	CCL CSC CCEC CD	
BLOQUE 3 CE				
PLEB3.1.	☑ GMC-PLEB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos, así como instrucións básicas e predecibles para a	25%	CCL CAA	

	realización de actividades e normas de seguridade.		CSC CCEC // CD
PLEB3.2.	☒ GMC-PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.	25%	CCL CAA CCEC CSC // CD
PLEB3.4.	☒ GMC-PLEB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que de xeito sinxelo, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares, se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos o do seu interese.	25%	CCL CAA CCEC CSC CD
BLOQUE 4 PE			
PLEB4.1.	☒ GMC-PLEB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc	25%	CCL CAA CCEC CSC // CD
PLEB4.2.	☒ GMC-PLEB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares	25%	CCL // CAA CCEC CD // CSC
PLEB4.3.	☒ GMC-PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	25%	CCL // CAA CCEC CD / CSC
BLOQUE 5 Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe			
PLEB5.1.	☒ GMC-PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades da aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, e reconece e produce comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	25%	CCL CAA CCEC CSC // CD
PLEB5.2.	☒ GMC-PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensibles os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.	25%	CCL // CAA CSC CCEC // CD
PLEB5.3.	☒ PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo.	25%	CCL // CAA CSC CCEC // CD
PLEB5.6	☒ GMC-PLEB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as		CCL

	estructuras morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado	25%	CAA CSC CCEC // CD	
--	--	-----	--------------------------	--

2º TRIMESTRE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Grao mínimo de consecución para cada estándar	Ponderación	Competencia clave	Instrumentos de avaliación
BLOQUE 1 CO				
PLEB1.2.	☑ GMC-PLEB1.2. Comprende algunhas frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue consignas de aula traballados na aula previamente.	25%	CCL CAA CCEC CD	Observación diaria. Caderno de aula. Lista de cotexo (V/F) de comprensión de texto Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción escrita e/ou oral demandada Rúbrica do proceso de creación da produción escrita. Rúbrica de Comprensión oral e/ou escrita. Cuestionario sobre convencións, normas e diferenzas culturais. Rúbrica de Comprensión/produción de rutinas de aula.
PLEB1.3.	☑ .GMC-PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, na que se utilicen frases sinxelas sobre temas habituais para súa idade e que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo.	25 %	CCL CAA CCEC CD	
PLEB1.4.	☑ GMC-PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato.	50%	CCL CAA CCEC CD	
BLOQUE 2 PO				
PLEB2.1.	☑ GMC-PLEB1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervéñ na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.	25%	CSC CCL CAA CCEC	
PLEB2.2.	☑ GMC-PLEB2..2. Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas a chegas dos seus compañeiros e compañeiras.	25%	CCL CSC	
PLEB2.3.	☑ GMC-PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual, que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos o a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes	50%	CCL CSC CCEC CD	
PLEB2.5.	☑ GMC-PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a		CCL	

	<p>cara,por teléfono ou por outros medios técnicos,nas que establece contacto social,intercambia información e expresa opinións e puntos de vista,fai invitacións e ofrecementos,pide e ofrece cousas,pide e da indicacións ou instrucións,ou discute os pasos a seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>	25%	<p>CSC CCEC CD</p>
BLOQUE 3 CE			
PLEB3.1.	<p>☒ GMC-PLEB3.1. Segue,con axuda da imaxe,instruccións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos,así como instruccións básicas e predecibles para a realización de actividades e normas de seguridade.</p>	25%	<p>CCL // CAA CSC CCEC CD</p>
PLEB3.3.	<p>☒ GMC-PLEB3.3.Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais</p>		<p>CCL // CAA</p>

	de referencia e consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar sobre temas do seu interese.	25%	CCEC CSC CD
PLEB3.4.	☑ GMC-PLEB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que de xeito sinxelo, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares, se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos o do seu interese.	50%	CCL CAA CCEC CSC CD
PLEB3.5.	☑ GMC-PLEB3.5. Comprende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional.	50%	CCL // CAA CCEC // CD CSC
BLOQUE 4 PE			
PLEB4.1.	☑ GMC-PLEB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc	25%	CCL // CAA CD CSC CCEC
PLEB4.2.	☑ GMC-PLEB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares	25%	CCL // CAA CCEC CD
PLEB4.4.	☑ GMC-PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situación de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, respectando as convencións e as normas de cortesía.	50%	CCL CAA CCEC CD CSC
PLEB4.5	☑ GMC-PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.	50%	CCL CAA CCEC CD CSC
BLOQUE 5 Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe			
PLEB5.1.	☑ GMC-PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades da aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, e recoñece e produce comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	25%	CCL CAA CCEC
PLEB5.2.	☑ GMC-PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensibles os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.	25%	CCL // CAA CSC CCEC
PLEB5.3.	☑ GMC-PLEB5.3. Nas actividades de aula, tenta explicar o proceso de produción de textos e		CCL

	de hipótesis de significados tomando en consideración los conocimientos e as experiencias	25%	CAA	
--	---	-----	-----	--

	noutras linguas.		CSC CCEC	
PLEB5.6.	☒ GMC-PLEB5.6. Comunica con eficacia,comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado	25%	CCL CAA CSC	

3ºTRIMESTRE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Grao mínimo de consecución para cada estándar	Ponderación	Competencia clave	Instrumentos de avaliación
BLOQUE 1 CO				
PLEB1.2..	☒ GMC-PLEB3.2.Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro,e relacionados con asuntos do seu interese.	50%	CCL CAA CCEC CD	Observación diaria. Caderno de aula. Lista de cotexo (V/F) de compresión de texto Lista de cotexo (V/F) de compresión oral. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción escrita e/ou oral demandada Rúbrica do proceso de creación da produción escrita. Rúbrica de Comprensión oral e/ou escrita. Cuestionario sobre convencións, normas e diferenzas culturais. Rúbrica deComprensión/produción
PLEB1.5.	☒ GMC-PLEB1.5.identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea,relacionada coas actividades de aula,e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos.	100 %	CCL CAA CCEC CD	
PLEB1.6.	☒ GMC-PLEB1.3. Comprende,nunha conversa informal na que participa,descricións,narracións,peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese.	100%	CCL CAA CCEC CD	
PLEB1.7.	☒ GMC-PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade.	100%	CCL CAA CCEC CD	
BLOQUE 2 PO				
PLEB2.1.	☒ GMC-PLEB1.Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira,cunha pronuncia comprensible,e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións	50%	CSC CCL CAA	

			CCEC	de rutinas de aula.
PLEB2.3.	☒ GMC-PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual, que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes	50%	CCL CSC CCEC CD	
PLEB2.4.	☒ GMC-PLEB2..4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortésia básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando con claridade e repetindo ou reformulando.	100%	CCL CSC CCEC CD	
PLEB2.5.	☒ GMC-PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a	50%	CCL CSC	

	<p>cara,por teléfono ou por outros medios técnicos,nas que establece contacto social,intercambia información e expresa opinións e puntos de vista,fai invitacións e ofrecementos,pide e ofrece cousas,pide e da indicacións ou instrucións,ou discute os pasos a seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>		<p>CCEC CD</p>
PLEB2.7.	<p>☒ GMC-PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente,intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos,gustos ou estudos,preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios.</p>	100%	<p>CCL CSC CCEC CD</p>
BLOQUE 3 CE			
PLEB3.1.	<p>☒ GMC-PLEB3.1. Segue,con axuda da imaxe,instruccións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos,así como instruccións básicas e predecibles para a realización de actividades e normas de seguridade.</p>	50%	<p>CCL // CAA CSC CCEC CD</p>
PLEB3.4.	<p>☒ GMC-PLEB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que de xeito sinxelo,se fale de si mesmo/a; se describan persoas,obxectos e lugares,se narren acontecementos pasados,presentes e futuros,reais ou imaxinarios;se expresen sentimentos,desexos e opinións sobre temas xerais,coñecidos o do seu interese.</p>	50%	<p>CCL CAA CCEC CSC CD</p>
PLEB3.5.	<p>☒ GMC-PLEB3.5. Comprende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal,educativo ou ocupacional.</p>	50%	<p>CCL //CAA CCEC CSC CD</p>
PLEB3.6.	<p>☒ GMC-PLEB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel</p>	100%	<p>CCL //CAA CCEC CSC</p>
BLOQUE 4 PE			
PLEB4.1.	<p>☒ GMC-PLEB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura:segue modelos de textos de características similares,planifica o texto,elabora un borrador,corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras,etc</p>	50%	<p>CCL // CAA CSC CD CCEC</p>
PLEB4.4.	<p>☒ GMC-PLEB4.4. Escribe notas,anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situación de comunicación reais ou simuladas,relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal,respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>	50%	<p>CCL CAA CCEC CD CSC</p>
PLEB4.5.	<p>☒ GMC-PLEB4.5.. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social,se intercambia información,se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais,se dan instruccións sinxelas,se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p>	50%	<p>CCL CAA CD CCEC CSC</p>

PLEB4.6.	☑ GMC-PLEB4.6.Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación	100%	CCL CAA CCEC	
----------	---	------	--------------------	--

			CD // CSC	
BLOQUE 5 Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe				
PLEB5.1.	☒ GMC-PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades da aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, e reconece e produce comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	50%	CCL CAA CCEC CSC // CD	
PLEB5.2.	☒ GMC-PLEB5.2. Procura utilizar as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	50%	CCL // CAA CSC CCEC CD	
PLEB5.3.	☒ PLEB5.3 PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo.	50%	CCL // CAA CSC CCEC // CD	
PLEB5.6.	☒ GMC-PLEB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do	50%	CCL CSC CCEC CAA // CD	
PLEB5.7.	☒ GMC-PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo	100%	CCL // CAA CSC CCEC // CD	

**TÁBOA DE TEMPORALIZACIÓN TRIMESTRAL DOS ESTÁNDARES COA
RELACIÓN DAS COMPETENCIAS, DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
(GMC) E DA PONDERACIÓN DESTE CON RESPECTO AO PESO ANUAL PARA
2ºESO SEGUNDA LINGUA EXTRANXEIRA.**

1ª AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Grao mínimo de consecución para cada estándar	PONDERACION	COMPETENCIAS CLAVE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
BLOQUE 1 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS				Observación diaria Caderno de aula Lista de cotexo (V/F) de comprensión de texto Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral
SLEB1.2.	GMC- SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.	25%	CCL CD CAA CECC	
BLOQUE 2 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS				Probas de actividades gramaticais Probas de actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción escrita ou oral Rúbrica do proceso de creación da produción escrita. Rúbrica de Comprensión oral e/ou escrita Cuestionario sobre convencións, normas e diferenzas culturais. Rúbrica de Comprensión/produción de rutinas da aula.
SLEB2.3.	GMC - SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	25%	CCL CD CAA CECC	
SLEB2.4.	GMC - SLEB2.4. Participa en conversacións breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.	25%	CCL CD CAA CECC	
BLOQUE 3 COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS				
SLEB3.1.	GMC - SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese	25%	CCL CD CAA CECC	
SLEB3.4.	GMC- SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia	25%	CCL CD CAA CECC	
BLOQUE 4 PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS				
SLEB4.1.	GMC - SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións enunciadas e traballadas previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar	25%	CCL CD CAA CECC	
SLEB4.4.	GMC- SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	25%	CCL CD CAA CECC	

BLOQUE 5 CONECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLIRILINGUE				
SLEB5.1.	GMC- SLEB5.1. Identifica sonse grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxica e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	25%	CCL CAA CECC	
PLEB3.5.	<input checked="" type="checkbox"/> GMC- PLEB3.5 Entende, en soporte impreso e dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos oficiais,institucionais ou corporativos.	50%	<input checked="" type="checkbox"/> CCL // CAA <input checked="" type="checkbox"/> CD // CSC <input checked="" type="checkbox"/> CCEC
PLEB3.6.	<input checked="" type="checkbox"/> GMC.PLEB3.6. Comprende a información , as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan de temas de actualidade ou máis especializados.	50%	<input checked="" type="checkbox"/> CCL // CAA <input checked="" type="checkbox"/> CCEC // CSC
PLEB3.7.	<input checked="" type="checkbox"/> GMC.PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, nos que o tema,os personaxes e as súas relacións estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos recoñecibles.	50%	<input checked="" type="checkbox"/> CCL // CAA <input checked="" type="checkbox"/> CSC // CCEC
BLOQUE 4 PE			
PLEB4.1.	<input checked="" type="checkbox"/> PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade ou menos habituais,desenvolvendo un argumento,razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto,explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas.	50%	<input checked="" type="checkbox"/> CCL // CAA <input checked="" type="checkbox"/> CSC <input checked="" type="checkbox"/> CCEC
PLEB4.3.	<input checked="" type="checkbox"/> PLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou		<input checked="" type="checkbox"/> CCL // CSC

	laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.	25%	<input type="checkbox"/> CD // CCEC <input type="checkbox"/> CAA	
PLEB4.4.	<input type="checkbox"/> PLEB4.4 Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado,xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira)	50%	<input type="checkbox"/> CCL // CSC <input type="checkbox"/> CAA // CCEC	
PLEB4.5.	<input type="checkbox"/> PLEB4.5 Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia,unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben	50%	<input type="checkbox"/> CCL // CAA <input type="checkbox"/> CCEC // CD <input type="checkbox"/> CSC	

	estructurado			
PLEB4.6.	☑ PLEB4.6 Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacional, respectando as convencións e as normas de cortesía.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CCSC // CSC	
BLOQUE 5 Cofecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe				
PLEB5.1.	☑ PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que se pronuncie con claridade e eviten un uso moi idiomático.	25%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CD ☑ CCEC	
PLEB5.2.	☑ PLEB5.2. Relacionase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais.	25%	☑ CCL // CCEC ☑ CSC // CAA	
PLEB5.3.	☑ PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.	25%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC	
PLEB5.4.	☑ PLEB5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentras viaxa ou organiza a viaxe, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos, sempre que poda pedir confirmación.	25%	☑ CCL ☑ CCEC ☑ CSC	
PLEB5.5	☑ PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.	25%	☑ CCL // CAA ☑ CSC ☑ CCEC	

3º AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Grao mínimo de consecución para cada estándar GMC	Ponderación	Compet. clave	Instrumentos de avaliación
BLOQUE 1 CO				
PLEB1.1.	☑ GMC.PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC ☑ CD	Observación diaria. Caderno de aula. Lista de cotexo (V/F) de comprensión de texto Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
PLEB1.2.	☑ GMC.PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas debates relativamente extensos entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre e temas xerais, de actualidade ou do seu interese sempre que o discurso estea ben estruturado.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC	
PLEB1.3.	☑ PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura o punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC	
PLEB1.4.	☑ PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información e puntos de vista e opinións sobre temas da súa detallada especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC	
PLEB1.5.	☑ PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC	
PLEB1.6.	☑ PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade e a velocidade normal.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC ☑ CD	
BLOQUE 2 PO				creación da produción escrita.
PLEB2.1.	☑ GMC.PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc)	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC ☑ CCEC	Cuestionario sobre convencións, normas e diferenzas culturais.

				Rúbrica de
PLEB2.2.	☑ GMC.PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade, cunha estrutura clara e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.	50%	☑ CCL ☑ CAA ☑ CSC ☑ CCEC	Comprensión/produción de rutinas de aula.
PLEB2.5.	☑ Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.	100%	☑ CCL // CAA ☑ CSC ☑ CCEC	
PLEB2.6.	☑ Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a	100%	☑ CCL // CAA ☑ CSC	
	comprensión mutua.		☑ CCEC	
BLOQUE 3 CE				
PLEB3.1.	☑ GMC.PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal, educativo ou profesional.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC ☑ CCEC	
PLEB3.2.	☑ GMC.PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmite forma detallada información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC ☑ CD	
PLEB3.3.	☑ GMC- PLEB3.3 Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC	
PLEB3.4.	☑ GMC.PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CCEC // CSC	
PLEB3.5.	☑ GMC- PLEB3.5 Entende, en soporte impreso e dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos oficiais, institucionais ou corporativos.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CD // CCEC ☑ CSC	
PLEB3.6.	☑ GMC.PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan de temas de actualidade ou máis especializados.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CCEC // CSC	
PLEB3.7.	☑ GMC.PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, nos que o tema, os personaxes e as súas	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC	

	relacións estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos recoñecibles.		
BLOQUE 4 PE			
PLEB4.4.	☑ PLEB4.4 Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado,xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira)	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC // CCEC
PLEB4.5.	☑ PLEB4.5 Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia,unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado	50%	☑ CCL // CAA ☑ CD // CCEC ☑ CAA
PLEB4.6..	☑ PLEB4.6 Escribe notas,anuncios,mensaxes e comentarios,en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais,educativo ou ocupacional,respectando as convencións e as normas de cortesía.	50%	☑ CCL // CSC ☑ CAA // CCEC
PLEB4.7.	☑ PLEB4.7 escribe correspondencia persoal,en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, trnsmitindo emoción,resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe.	100%	☑ CCL // CAA ☑ CCEC ☑ CD // CSC

PLEB4.8.	☑ PLEB4.8 Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co detalle os motivos das súas accións e dos seus plans, respectando as convencións formais e de cortesía propias destes textos.	100%	☑ CCL // CAA ☑ CCSC // CSC ☑ CD	
BLOQUE 5 Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe				
PLEB5.1.	☑ PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que se pronuncie con claridade e eviten un uso moi idiomático.	50%	☑ CCL// CAA ☑ CSC// CD ☑ CCEC	
PLEB5.2.	☑ PLEB5.2. Relacionase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais.	50%	☑ CCL // CAA ☑ CSC// CCEC	
PLEB5.3.	☑ PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.	50%	☑ CCL// CAA ☑ CSC// CCEC	
PLEB5.4.	☑ PLEB5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentras viaxa ou organiza a viaxe, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos, sempre que poda pedir confirmación.	50%	☑ CCL ☑ CSC ☑ CCEC	
PLEB5.5.	☑ PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.	50%	☑ CCL// CAA ☑ CSC ☑ CCEC	

e) Concrecións metodolóxicas

En liña co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, a metodoloxía do Departamento de Inglés do IES Pino Manso deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés, obxectivo ao que contribuiremos especialmente a través da colaboración en proxectos interdisciplinares que serán propostas e coordinadas a partir da CCP.

Dentro das aulas, combinaremos o traballo individual graduado e supervisado co traballo colaborativo en grupos reducidos e/ou en parellas, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave.

Na ESO, farase especial fincapé ao longo de todo o curso na adquisición do hábito lector e a comprensión lectora a través da proposta de actividades graduadas de lectura a partir de textos significativos e que terán un seguemento e andamiaxe por parte do profesorado. No Bacharelato, prestarase especial atención ao reforzo da comprensión lectora con actividades dirixidas a manexar con soltura as diferentes estratexias de lectura e comprensión de textos en relación coa súa natureza (divulgativa, científico-técnica, literaria, etc.).

Asimesmo, traballarase a oratoria de xeito explícito como unha piar fundamental do bloque de expresión oral, facendo especial fincapé na necesidade de contar e manexar con soltura recursos comunicativos dos rexistros formal e informal, sabendo recoñecer e aplicar os recursos narrativos (storytelling) en función de cada situación comunicativa e prestando atención (no Bacharelato) á fonética e á entoación. Neste sentido, contamos coa medida dos Desdobres de aula, no que os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías (na ESO, a través das posibilidades que ofrece o proxecto Edixgal e a través da plataforma EVA), o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

f) Materiais e recursos didácticos que se van utilizar

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

Cómpre sinalar que o IES Pino Manso está adherido ao programa E-Dixgal; circunstancia que na ESO nos permitirá facer uso dos materiais que a plataforma EVA fornece, e ademais o profesorado poderá completalo con outros materiais que complementen os recursos didácticos, o que facilitará o deseño de actividades máis personalizadas naqueles casos que se estime necesario.

Os alumnos/as de Bacharelato son os únicos discentes do IES Pino Manso que non dispoñen de ordenadores de uso persoal na aula. A aula virtual, os libros de texto, os materiais de reforzo en papel e os dispositivos móbiles serán os recursos empregables co alumnado de Bacharelato. En concreto, en 2º de Bacharelato traballarase co método Make the grade 2, da Editorial Burlington (Student's Book).

g) Criterios sobre a avaliación e a cualificación

O alumnado será avaliado de acordo cos criterios recollidos no currículo da materia e na presente programación.

g.1) Avaliación continua e criterios de cualificación

A avaliación nesta materia é continua e progresiva, porque a natureza do currículo é da adquisición da lingua son progresivas e acumulativas.

Peso dos trimestres (ESO e Bacharelato)

O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

Ponderación da cualificación trimestral na ESO

Competencia Comunicación lingüística CCL	COMPRESIÓN E PRODUCCIÓN ORAL (Listening & Speaking)	Instrumentos: Rúbricas, proba escrita, observación de aula, cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e/ou preguntas de relacionar.	30%
	COMPRESIÓN E PRODUCCIÓN ESCRITA (Reading & Writing)	Instrumentos: Rúbricas, proba escrita, traballos de redacción guiada, cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e/ou preguntas de relacionar.	25%
	CONTIDOS SINTÁCTICOS E DISCURSIVOS (Grammar, vocabulary, etc.)	Instrumentos: Rúbricas, proba escrita, traballos de redacción guiada, cuestionarios de opción múltiple, preguntas de completar e/ou preguntas de relacionar.	25%
Outras competencias (CAA, CSC, CCEC, CD)	Competencia de Aprender a aprender, Competencia Social e cívica, Competencia de Conciencia e expresións culturais, Competencia Dixital,	Instrumentos: observación de aula, rúbrica	20%

Ponderación da cualificación trimestral no Bacharelato

Competencia Comunicación lingüística CCL	COMPRESIÓN E PRODUCCIÓN ORAL (Listening & Speaking)	Instrumentos: Rúbricas, proba escrita, observación de aula, cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e/ou preguntas de relacionar.	25%
	COMPRESIÓN E PRODUCCIÓN ESCRITA (Reading & Writing)	Instrumentos: Rúbricas, proba escrita, traballos de redacción guiada, cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e/ou preguntas de relacionar.	30%
	CONTIDOS SINTÁCTICOS E DISCURSIVOS (Grammar, vocabulary, etc.)	Instrumentos: Rúbricas, proba escrita, traballos de redacción guiada, cuestionarios de opción múltiple, preguntas de completar e/ou preguntas de relacionar.	30%
Outras competencias (CAA, CSC, CCEC, CD)	Competencia de Aprender a aprender, Competencia Social e cívica, Competencia de Conciencia e expresións culturais, Competencia Dixital,	Instrumentos: observación de aula, rúbrica	15%

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5, o que suporá ter alcanzado o GMC (grao mínimo de consecución dos estándares) para cada bloque.

O feito de non asistir a un exame ou proba prevista e anunciada previamente terá que ser debidamente xustificando e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo, a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debida forma. Ao alumno/a sorprendido/a copiando, seralle anulado o exame e a cualificación correspondente a esa proba será de "0".

g.2) Criterios de recuperación

Se un trimestre non é superado, deberá ser recuperado co instrumento de avaliación que a docente do nivel estime oportuno, que poderá incluír unha proba de recuperación e/ou un traballo de aula que o docente acorde previamente co alumno/a, e co visto e prace do departamento.

Na **ESO**, o alumnado que non acade unha avaliación positiva do 1º e o 2º trimestre terá a oportunidade de recuperar a materia ao longo do 3º trimestre, onde se avaliará a consecución do GMC para cada estándar da materia empregando, como mínimo, 2 instrumentos de avaliación. Así mesmo, os instrumentos de avaliación do 3º trimestre comprenderán os mínimos dos criterios dos trimestres anteriores, en consonancia coa natureza continua da materia de inglés.

En **Bacharelato** o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final e/ou tarefas específicas a criterio do departamento no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Elementos avaliados	Indicadores de logro			Resultado
	<i>Non conseguido</i>	<i>Conseguido parcialmente</i>	<i>Totalmente conseguido</i>	
Programación didáctica	Non se adecúa o contexto da aula	Adecúase parcialmente ó contexto da aula	Adecúase completamente o contexto da aula.	
Plans de mellora	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos	Identifícanse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos	
Medidas de atención a diversidade	Non se adoptaron medidas de atención a diversidade adecuadas.	Identifícanse as medidas de atención a diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención a diversidade adecuadas	
Elementos transversais	Non se traballaron tódolos temas transversais	Traballáronse a maioría dos temas transversais	Traballáronse tódolos temas transversais	
Programa recuperación	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten	Traballouse con dificultade o programa de recuperación.	Esableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	
Obxectivos da materia	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos	Alcanzáronse parte dos obxectivos establecidos para o curso	Alcanzáronse obxectivos da materia establecidos para este curso	
Competencias clave	Non se desenvolveron maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse desenvolvemento das competencias clave relacionadas con esta materia.	

Práctica docente	A práctica docente non é satisfactoria	A práctica docente é parcialmente satisfactoria.	A práctica docente é satisfactoria	
Programas de mellora para a práctica docente	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente	Identificáronse puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	
Distribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didácticos utilizados	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didácticos utilizados	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada ós métodos didácticos utilizados	
Métodos didácticos	Os métodos didácticos utilizados non contribuíron á mellora do clima na aula.	Os métodos didácticos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didácticos utilizados contribuíron á mellora do clima na aula	
Resultados da avaliación	Os resultados de avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados de avaliación nesta materia foron moderados	Os resultados de avaliación nesta materia foron satisfactorios	

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Na **ESO**, o **Plan de reforzo das materias pendentes** está regulado no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021. O plan:

- Será elaborado polo profesorado que imparte a materia ao alumnado que teña materia pendente do curso anterior, baixo as directrices do departamento e co coñecemento do profesorado tutor.
- Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.
- Adaptarase ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.
- O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
- Deste plan realizarase un seguimento durante as sesións de avaliación.

Incluirá, cando menos, os seguintes apartados:

- a. Identificación da alumna ou do alumno.
- b. Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g. Seguimento e avaliación.
- h. Acreditación da información á familia.

O alumnado da **ESO** coa materia pendente deberá realizar completar de xeito individual e independente un boletín de actividades que computará ata 3 puntos (30% da nota) e deberá presentarse ás probas escritas de recuperación -dúas parciais e unha final-segundo o calendario aprobado polo claustro de profesorado. A correcta realización do boletín de traballo será avaliado e contará ata 3 puntos (30%). Para ter en conta a puntuación do boletín será preciso alcanzar na proba escrita un 4/10. As probas escritas computarán na nota final con ata 7 puntos (70%). Ao alumno/a e á súa familia lle será comunicada a información relativa á recuperación das materias pendentes.

O alumnado de **Bacharelato** coa materia pendente deberá realizar completar de xeito individual e independente un boletín de actividades que computará ata 3 puntos (30% da nota) e deberá presentarse ás probas escritas de recuperación -dúas parciais e unha final-segundo o calendario aprobado polo claustro de profesorado. A correcta realización do boletín de traballo será avaliado e contará ata 3 puntos (30%). Para ter en conta a puntuación do boletín será preciso alcanzar na proba escrita un 4/10. As probas escritas computarán na nota final con ata 7 puntos (70%). Ao alumno/a e á súa familia lle será comunicada a información relativa á recuperación das materias pendentes.

j) Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

Non é aplicable ás materias do Departamento de Inglés.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

A avaliación inicial na **ESO** desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos e poderá incluír máis dun instrumento de avaliación:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo a estrela, a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc.)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba escrita de nivel
4. Actividade que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou escrita (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas, My favourite person, etc.)

No **Bacharelato**, a avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos e poderá incluír máis dun instrumento de avaliación:

1. Proba de nivel
2. Actividade que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou escrita
3. Observación de aula das actividades iniciais

Os resultados da proba inicial conxuntamente coa información da nota obtida polo alumno o curso anterior, e a observación sistemática das intervencións do alumno na clase reflexadas no diario da clase do profesor, servirán para facerse unha idea do perfil do alumno e do grupo co fin de adoptar medidas de reforzo no caso dos alumnos con un nivel inferior ou superior a media e cumprir así cos requisitos de atender a diversidade.

l) Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.
11. Desdoblamento de grupos nos grupos-aula superiores a 25 persoas: os cursos con máis de 25 alumnas/os se desdobran en dous grupos nunha das sesións semanais da materia para abordar aspectos de Speaking e outros aspectos curriculares que poidan precisar dun reforzo en grupos máis pequenos.
12. Intervencións individuais e de aula por parte da profesora terapeuta (PT) do centro.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

A programación de cada nivel inclúe proxectos, tarefas e actividades contextualizadas na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as unidades didácticas, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC e o traballo cooperativo e por proxectos.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades de cada nivel.

Así mesmo, o IES Pino Manso e, en consecuencia, o Departamento de Inglés no seu conxunto, participamos nos seguintes proxectos e levamos a cabo as actividades previstas en coordinación cos diferentes departamentos implicados:

- Plan Dixital
- Contratos programa (liñas: Edu-Innova, INCLÚE-T, IGUÁLA-T, EMOCIÓNA-T, CONVÍVE-T)
- PLAMBE e Plan de Biblioteca/ Plan lector
- Plan de actividades físicas e hábitos saudables
- Proxecto lingüístico de centro

Todos estes plans e proxectos complementaranse con formación do profesorado a través do Centro de Formación de Recursos e outras fontes de formación complementaria.

n) Actividades complementarias e culturais programadas

n.1) Actividades complementarias

2º BACHARELATO: Conferencia na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo sobre a tradución audiovisual para grandes plataformas (Netflix, HBO, etc.) e para a industria do videoxogo

4º ESO: Desplazamento a Multicines Norte (Vigo) para visionado dunha película en versión orixinal de lingua inglesa na que se aborden elementos transversais do currículo, co previo e posterior traballo didáctico na aula

2º ESO: Programa de ioga en inglés como parte do Plan de actividades físicas e hábitos saudables + Xornada en torno ao Afternoon Tea (Reino Unido)

n.2) Actividades culturais

O Departamento de Inglés realizará nos diferentes niveis actividades temáticas en función das seguintes temáticas culturais nos periodos indicados a continuación:

- Halloween: 24-28 outubro (exemplo: Concurso de video-receitas de postres temáticos)
- Christmas: 19-22 decembro (exemplo: obradoiro de panxoliñas en inglés)
- St Patrick: 16-17 marzo (exemplo: obradoiro sobre a festividade de St Patrick en Irlanda)
- Easter: 27-31 marzo (exemplo: Easter Egg Hunt-xincana)
- Holi: 16 de maio (exemplo: Holi Run)

Se algunha destas actividades non puidera realizarse, poderá tamén organizar actividades en torno ás temáticas do Diwali, Baltane ou Thanksgiving, ou outras que poidan ser de interese e encaixar cos obxectivos didácticos das materias de inglés como Primeira e Segunda lingua estranxeira).

ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc.

Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria.

Na reunión do departamento posterior ás sesión de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

Revisión e avaliación da programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
(Indicadores de logro)				
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				